

Mabel Loza e José Brea nun pioneiro estudo do alzhéimer

A prestixiosa investigadora da USC é integrante do club dos Gallegos del Año deste xornal



CIENCIA. Mabel Loza. F.: G.

LUÍS PLANAS 24 JUL 2020 / 20:35

Un pioneiro estudo publicado na revista *Neurotherapeutics* validou unha nova diana farmacolóxica para o alzhéimer. Os resultados amosan que a inhibición da encima epóxido hidrolasa soluble (sEH) en modelos murinos da enfermidade diminúe o proceso neuroinflamatorio, polo que mellora a resposta endóxena do organismo e reduce o deterioro e morte das neuronas causantes deste tipo de demencia.

Estes resultados reafirman o papel deste encima na evolución do alzhéimer e sinalan a súa inhibición como potencial estratexia terapéutica para esta patoloxía,

e tamén para outras que cursen con neuroinflamación. Este traballo está liderado polo Instituto de Neurociencias e o Instituto de Biomedicina da Universidade de Barcelona (IBUB), e contou coa activa participación por parte da Universidade de Santiago USC da catedrática de Farmacoloxía Mabel Loza (integrante do club Gallegos del Año) e do investigador José Brea, do grupo Biofarma do Centro de Investigación en Medicina Molecular e Enfermedades Crónicas.

COLABORA A UNIVERSIDADE DE BARCELONA Ademais tamén colaboraron a Universidade Autónoma de Barcelona, a Universidade de California-Davise o Instituto de Investigacións Biomédicas de Barcelona (IIBB). Estratexia centrada nos procesos inflamatorios. O equipo autor deste salientable traballo partiu da idea de que os fármacos empregados para tratar o alzhéimer teñen unha eficacia moi limitada e só en estadios leves da enfermidade.

As estratexias terapéuticas dos últimos anos diríxense especificamente a contrarrestar vías moleculares, como a acumulación de betaamiloide e a formación de placas no cerebro propias desta patoloxía. Neste estudo os investigadores empregaron un novo enfoque relacionado cos procesos inflamatorios que contribúen a desencadear esta enfermidade e modular a súa patoxénese.

“É de vital importancia ampliar a investigación na terapia para o alzhéimer cara novas dianas farmacolóxicas, preferentemente relacionadas coas vías fisiopatolóxicas da enfermidade.

Neste caso, o noso interese dirixiuse cara os EH, posto que a súa inhibición amosara efectos antiinflamatorios moi potentes e algún dos seus inhibidores estaba ou tiña estado en fases clínicas para o tratamento da hipertensión, de procesos inflamatorios ou, recentemente, da dor neuropática”, explica Mercè Pallàs, investigadora do Instituto de Neurociencia, especialista no tema.



Política de Cookies
Política de Privacidad
Contacto

Ante cualquier duda, problema o comentario en las páginas
de El Correo Gallego envíe un e-mail a
info@elcorreogallego.es



© 2020 www.elcorreogallego.es ISSN:1579-1572.

Todos los derechos reservados. Prohibida la reproducción parcial o total del contenido sin la expresa autorización del propietario.